



[Firma manuscrita]

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 01 AGO. 2023
ata a día 31 AGO. 2023
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

DECRETO

Tras ver a proposta que textualmente di o seguinte:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 23.09.2022, apróbanse as bases xerais, convocatoria e bases específicas que regularán o proceso selectivo para cubrir en propiedade unha (1) praza denominada Dinamizador/a Cultural, escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación de Lugo, acceso libre, mediante o sistema de concurso, incluída na OEP do ano 2022 (taxa adicional de estabilización de emprego temporal -disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro). As ditas bases e convocatoria fixéronse públicas no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) de Lugo núm. 241, do 21.10.2022, no DOG núm. 216, do 14.11.2022 e no BOE núm. 279, do 21.11.2022.

A base xeral 12.2 sinala que *“as persoas aspirantes non propostas polo Tribunal para ocupar as prazas que se convocan, que alcancen ou superen a puntuación mínima de 15 puntos, propoñeranse para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo reguladas ao abeiro dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais á Deputación Provincial de Lugo, aprobados por resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), así como para o establecido no base xeral 12.1 parágrafo 3.”*

O Tribunal en sesión de data 09.06.2023 elabora a proposta das persoas aspirantes que, sen ser seleccionadas, alcanzaron ou superaron a puntuación mínima fixada na base xeral 10 para superar o concurso (15 puntos), para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo. Esta proposta foi publicada na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade o día 09.06.2023.

Á vista de todo o sinalado, proponse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección dos funcionarios da Administración Local, e co establecido na base xeral 12.2 da convocatoria

RESOLVA

1º.- Crear, ou no seu caso incorporar, ás persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se relacionan, na listaxe de emprego temporal da praza/posto/emprego de **DINAMIZADOR/A CULTURAL**, ao obxecto de atender as necesidades deste tipo de persoal cando existan razóns suficientemente xustificadas de necesidade e urxencia.

	IV7PUMJYDH55XVGIVUMW57ZA6I	Fecha y Hora	31/07/2023 12:06:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	ALEJANDRO MASEDA MALLO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PUMJYDH55XVGIVUMW57ZA6I	Página	1/2



Nº ORDE LISTAXE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1	PAZ FERNÁNDEZ, NOELIA	20,000
2	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, VANESA	20,000

2º.- Que a incorporación na listaxe se realice conforme aos criterios aprobados por resolucións da presidencia do 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 39, do 15.02.2019).

3º.- A dita listaxe terá vixencia dende a data de aprobación da presente proposta, publicándose na páxina web e no taboleiro de anuncios da entidade”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 04-07-2023
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,
P.S. O SECRETARIO-INTERVENTOR,

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará
exposto no Taboleiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 01 AGO. 2023
ata a día 31 AGO. 2023
**O XEFÉ DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA**



	IV7PUMJYDH55XVGIVUMW57ZA6I	Fecha y Hora	31/07/2023 12:06:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	ALEJANDRO MASEDA MALLO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Uri de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PUMJYDH55XVGIVUMW57ZA6I	Página	2/2

